



CONCELLO DE TEO

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 23 de marzo de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CEMITERIO MUNICIPAL. D. MANUEL IGLESIAS CANICOPA (2026/G003/000394)

EXPEDIENTE: 2026/X999/000207

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 23 de marzo de 2026 (rex. entrada nº 1068) presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D. Manuel Iglesias Canicoba.

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde ao feito de que o día 22 de marzo de 2026 faleceu a súa parella, tendo lugar o enterramento no día de hoxe, 23 de marzo de 2026.

Considerando que a persoa interesada achegou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados de estar ao corrente coa seguridade



CONCELLO DE TEO

social e coas obrigas tributarias da facenda estatal e autonómica, aportándose ao efecto unha declaración xurada, ao non poder esperar o interesado á súa obtención, para que lle sexa adxudicado o nicho, polas razóns expostas.

Considerando que, de acordo co exposto e á vista da necesidade inaprazable do interesado, no día de hoxe, formulouse proposta de adxudicación a favor de Manuel Iglesias Canicoba, que foi comunicada ao/á interesado/a (rex. saída nº 20260000000714) que será publicada na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios no día da data.

Visto o artigo 19 do Prego de condicións da concesión de nichos e panteóns do cemiterio municipal de Teo, do 15 de marzo de 2021, aprobado mediante Decreto da Alcaldía da mesma data (res. 163/2012), referida á concesión de nichos en situacións de emerxencia social

Visto o informe proposta dos servizos sociais do Concello para a concesión de nichos en situacións de emerxencia social, do 23 de marzo de 2026, e a proposta de adxudicación de nicho, da mesma data, incorporados ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo dos nicho a D. Manuel Iglesias Canicoba, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle ao adxudicatario que deberá aportar, de forma inmediata, os certificados de atoparse ao corrente da Seguridade Social e coas obrigas tributarias do Estado e da CCAA de Galicia.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz